

Ola rapaces e familias!

Espero que vos gustaran as actividades da semana pasada. ¿Gustouvos o musical do Rei León? Pois esta última semana...envíovos o enlace de outro musical súper chulo e de máis cousas. Mirade, mirade..

Musical Aladino

Entrade neste enlace para ver o musical: <https://www.youtube.com/watch?v=i7gEcrGs138>

- **Podedes facer o palacio de Aladino seguindo fotografías como esta que podedes ver neste outro enlace que vos deixo:**

<https://www.pinterest.es/pin/311944711688510948/>

So necesitates unha caixa de zapatos, cartón rollos de papel hixiénico e papel de regalo ou tela, así como calquer outro tipo de papel ou adorno que quierades empregar. Ao ser unha caixa con tapa podedes empregala para meter dentro cousas vosas e seguro que na vosa habitación queda moi bonito. ¡Arriba esa imaxinación!

- Tamén vos deixo un crebacabezas que podedes imprimir e pegar nun cartón ou cartolina despois de colorealo. Logo recortades polas raíñas e...listo!

Parque Warner

Algún de vós foi ao parque Warner? Pois os que non o visitástedes nunca, aquí tedes un video onde podedes ver todas as atraccións e como son. E para os que fústedes, seguro que vos trae grandes recordos. Mirade o enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=5kc6wGoPSa4>

- En cal vos gustaría subir a vós? Facede un debuxo desa atracción á que vos encantaría subir.

Musical Mamma Mia

A quen lle encantan os musicais? E bailar? Mmmm...a min ocórrenseme uns cantos nomes. No seguinte enlace tedes o musical de Mamma Mía para que non pardedes de cantar e bailar. Por se non vos acordades, en carnaval varios profes do cole foron disfrazados de ABBA que é como se chama o grupo musical sobre o que se fixo este musical. Disfrutádeo!

https://www.youtube.com/watch?v=Y_L0AVpSuC0

Illa Ons

Gustaríavos pasar un día na Illa de Ons? A semana pasada fomos ata as Illas Cíes...pois esta semana ides a coñecer a Illa Ons. ¡Boa viaxe!

<https://www.youtube.com/watch?v=FyTZ4owD6-s>

Facedes unha fotografía ás actividades que fagades cando os teñades e mandádesma coma sempre ao meu correo: a.gonzalez@edu.xunta.es

Sodes uns campións e campionas. Fixéstedelo todo xenial e traballástedes un montón a pesar das circunstancias tan especiais que tivemos estes últimos meses, así que teño que felicitaros e a partir de agora a disfrutar un montón das vacacións.

Unha aperta moi forte!!!